



Gondomar

**D**e Gondomar xa demos noticia no Capítulo 12 do presente tomo. Recoñece por Patrón tutelar a Sn. Bieito Abade (104) e fundador a quen lle celebran a festa aquí con gran romaría o 21 de Marzo. Habitana 186 veciños, que pertencen polo contencioso ao Xuíz que hai no mesmo Pobo, e polo político e gubernativo ao Procurador xeral do Val de Miñor. Reditúan os seus décimos 21.000 reais, dos que leva o Párroco a terceira parte, outra terceira o Cabido Catedral de Tui, e a terceira restante as Relixiosas do Convento da Vila de Baiona: o primeiro ten casa reitoral e igrexario de 7½ ferrados de pan en semente: ademais percibe de renda anual 1 ferrado de trigo, 6¾ de centeo, 6¾ de miúdo, 20 de millo, 4 galiñas, 2 ducias de ovos, e 17 reais A fábrica da Igrexa 9 ferrados de trigo, 1½ de centeo, 5½ de miúdo, e 175 reais. Paga á Mitra de Tui 40 soldos leoneses 1 libra de cera e 48 marabedís velllos. Este Beneficio é de presentación Real e Ordinaria. Dista da capital 2 leguas. (ÁVILA Y LA CUEVA, 500-501)





## Igrexa parroquial

Presenta planta de cruz latina: unha nave central e dúas capelas laterais, que forman a cruz.

Foi reformada no século XIX, por iniciativa do párroco, D. Xosé Mariño González, que estivo nela de 1887 ata 1914.

Na **fachada principal (105)** ten unha ornamentación ben coidada. Encádrase con dúas pilastras laterais que teñen capitel simulado e basa con moldura. Rematan con pináculos na cuberta distintos aos do resto da cuberta. Toda a fachada remátase cunha cornixa continua dende o beiril ata a rúa central.

Na rúa central, por riba da porta de entrada está o rosetón e, máis alto, o escudo de S. Bieito, rematando con cornixa e axedrezado no que apoia a torre do campanario.

A porta principal é de arco de medio punto peraltado, que se apoia sobre dous pares de xambas. Na primeira alóxanse un par de columnas entregas, coroadas de capitel composto e apoiadas nun dado en chafrán. No arco da arquivolta interior ten como adorno unha estrela en cada unha das nove doelas semellando ménsulas en apoios. O frontón é triangular e está adornado con molduras que forman o símbolo de (IHS) en distintos planos.

Nas rúas laterais da fachada principal, no primeiro corpo, ten dúas ventás lisas en forma de cruz. No segundo corpo, outras dúas que, para semellar a porta principal, rematan en arcos de medio punto e molduras para formar unha pestana semicircular. Apóianse en resaltes semellantes aos da porta.

O rosetón abucínase cara ao interior e a súa celosía semella unha flor de oito pétalos con botón central. Dende a fronte está oculto pola cruz que remata o frontón da porta.

A **torre do campanario (106)** é de planta cadrada cun oco por cada cara coroados con arcos semicirculares que se apoian nos moldurados das pilastras das esquinas. Enriba de cada un deles hai un frontón triangular con cruz de coroación. Remátase con frecha de cubrición en sillería a modo de pirámide octogonal. Na base dela, por cada unha das caras, está a esfera do reloxo adornado por moldura que o cobre a modo de pestana.



Ten dúas sancristías, unha a cada lado do presbiterio.

Na fachada da parte norte engadiuse unha capela que, na actualidade, serve como **capela penitencial** (107), e na festa é onde se recollen as esmolas e ofrendas a S. Bieito.

As fachadas teñen pilastras nos seus extremos coroadas por moldura lineal, similar á cornixa na que rematan para acoller a cuberta. Aproximadamente no medio da nave teñen cada unha delas un contraforte para arrostrar a fábrica.

Na fachada leste, o muro é piñón e remátase no pincho cunha cruz.

Con toda probabilidade, na súa orixe, os muros estiveron revestidos e encalados.

As portas laterais presentan recercados, enmochetados e derrames nas súas caras interiores, e o lintel forma unha pestana sobre os ocos.

As ventás tamén están recercadas e os seus derrames son abucinados. Polo interior están cubertas por vidreiras.

Nos vértices da cuberta ten como adorno uns pináculos moi estilizados e distintos aos que rematan as pilastras da fachada principal.

A ábsida ten bóveda de aresta. Tamén ten bóveda de aresta nos dous tramos da nave, apoiada en arcos formeiros de medio punto e pilastras. A cúpula do cruceiro é máis elevada que as bóvedas e descansa en catro columnas. A bóveda da sancristía é de canón. Todas as bóvedas están encaladas contrastando coa cantería dos muros. Tanto na ábsida coma na nave ten floróns para decoración.

Na ábsida está o **retablo maior** (108).

É un retablo neogótico, restaurado recentemente. Presenta tres rúas. As dúas laterais sobre peñas teñen as imaxes do Sagrado Corazón de Xesús e de María.

A rúa central ten unha gran fornela con dobre columna que acolle a **S. Bieito** (104).

Enriba dela, nun templete con catro columnas que sustentan o remate, **S. Gregorio** (109).





109



110



111



112

Parece ser que no barrio de Bade estivo a primitiva igrexa parroquial, adicada a S. Gregorio Magno. Por iso, a súa imaxe, barroca, do século XVII, está no retablo maior e é a máis antiga e valiosa da parroquia.

Nas capelas do cruceiro hai dous retablos neogóticos en cada unha delas:

- No lado sur: Purísima (110) e Sto. Antonio (111).
- No lado Norte: Ánimas (112) e Nazareno (113).

### Cruceiro de s. Bieito (115)

Na parte posterior do adro da igrexa.

O fuste é monolítico e ten oito caras.

As figuras están talladas en forma plana (114/116).

Na basa hai unha inscrición ilexible, excepto o ano: 1646.

No lado norte, xunto á porta da sancristía, atópase este peto de ánimas (117).



113



114



115

### FESTAS E ROMAXES DE GONDOMAR

- S. Bieito: 21 de Marzo.
- Translación de S. Bieito:  
11 de Xullo.
- S. Cristovo: 10 de Xullo  
(bendición de coches).
- Sto. Antonio: 12 de Xullo  
(poxas de Sto. Antonio).
- Corpus Christi: Primeiras  
Comuñóns e tradicionais  
alfombras florais.
- O Sagrado Corazón  
(con Triduo).



116



117